

**Decreto.**

Á vista da situación sanitaria orixinada polo virus COVID-19, para minimizar a propagación do mesmo, e en consonancia coas medidas establecidas e as recomendacións do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia,

**R E S O L V O :**

1.- *Dende o día de hoxe, e ata como mínimo o domingo día 29 de marzo, suspéndense os seguintes servizos e actividades municipais:*

- *Andainas.*
- *Foliadas.*
- *Servizo de xestión catastral.*
- *Atención e información ao público do arquitecto municipal.*
- *Servizo de conciliación familiar.*
- *Talleres de memoria.*
- *Talleres de novas tecnoloxías.*
- *Programa “coñece o teu camiño”.*
- *Cursos de manualidades.*
- *Ximnasia.*
- *Escola de música.*

2.- *Péchanse ao público e aos usuarios en xeral, as seguintes instalacións.*

- *Albergue de peregrinos.*
- *Campo de fútbol municipal.*
- *Polideportivo municipal.*
- *Biblioteca pública municipal.*

3.- *As oficinas de atención ao público permanecerán abertas ás horas habituais, establecéndose as seguintes recomendacións.*

- *Os usuarios manterán unha distancia mínima de un metro e medio ao posto de traballo.*

- Os usuarios evitarán tocar as mesas e mostradores das oficinas.

- Os usuarios farán, no posible, as xestións a través do teléfono, 982.430.001, do correo electrónico [urbanismo@concellodapobradobrollon.gal](mailto:urbanismo@concellodapobradobrollon.gal), ou da Sede Electrónica do concello, <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>.

-. Os usuarios pospoñerán os trámites non urxentes ata o fin do período indicado.

4.- Estas medidas poderán prolongarse no tempo se as circunstancias ou as administracións Estatal e Autonómica o aconsellan.

A Pobra do Brollón, 13 de marzo de 2020.

